

Colección

CONTOS DE SEMPRE

(Tradición oral)



GRAN

DE


MILLO

Asociación cultural AIRA DAS MANTAS

MACEDA DE LIMIA

OURENSE

GRAN DE MILLO



Recollido por
Luis Del Campo Prol
e
ilustrado por
Ángel González Formoso (Mino)



rarse unha vez unha muller casada que vivía desacougada, pois non tiña fillos pese a que se levaba ben co home e facía todo o que estaba na súa man para telos.

Un día, ollando cara ao ceo dixo:

- O que máis desexo é que Deus me dea un fillo, aínda que sexa como un gran de millo!


Deus escoitouna e acabou por lle conceder o seu desexo. Así foi que tivo un fillo moi ben feitoño pero pe-que-rre-cho pe-que-rre-cho, como un gran de millo, abofé!

Un día, que o home andaba no monte cavando e a muller non lle podía levar o xantar, ocorréuselle dicir a ésta en voz alta:

- Estou por asegurar que o meu fillo non é quen de levarlle o xantar ao seu pai!

E surtindo de inmediato o efecto que ela esperaba, con xenio, respondeu o fillo:

- Cómo queeeeeee...! Que non son quen? Póñalle a alforxa ao burro e xa verá como



vou!

A nai, entón, púxolle a albarda e tamén as alforxas ao burro, montando deseguido ao fillo xunto coa pota do xantar e díxolle:

- Vai axiña e en canto xante o pai, dille

que veña decontado á casa que cómpre que me bote unha man.

Polo camiño as mulleres que vían a pota por riba do burro e sen ninguén a ter conta dela, dicían:

-Mirade, unha pota por riba dun burro sen ninguén a ter conta dela!

Gran de Millo moi enrabechado be-



rraba:

- *Así vos leve o demoooooooooooo!*

- *É que non me vedes?*

- *Pois non son tan pequeno!* -di para si el, moi oufano e convencido-. *Eu son un home re-gu-lar!*

Cando chegou onda seu pai, que estaba labrando, berroulle pero o pai non vía a ningún:

- *Quen anda a berrar?, preguntou.*

- *Son eu, -di o fillo-*

- *Non me ve?*

O home, cavila que te cavila, chegou á conclusión de que podía ser o seu fillo e cando vai e colle a pota do xantar... alí estaba Gran de Millo!

Entón chegou o mediodía e xantaron. Ao rematar foi cando Gran de Millo lle deu o recado que a súa nai lle encargara.

Antes de marchar para a casa, o pai, deulle unhas consignas porque o fillo ía quedar no monte tendo conta dos animais.

- Escrita meu fillo, mentres vou e veño coida dos bois e non deixes que coman nas berzas.

Aínda non marchara o home, escomezou a chover e, entón, Gran de Millo meteuse baixo a folla dunha berza para non se mollar.

Os bois, véndose sen garda, foron cara ás berzas e un deles comeu aquela na que se acubillaba Gran de Millo.

O pai, ao voltar, vendo os bois comendo nas berzas, empezou a chamar polo seu fillo que respondía dende o bandullo do boi:

- Aiiiiiii meu pai! "Mate ao noso Moracooooo... que eu lle darei diñeiro para tres ou catroooooo"

"Mate ao noso Moracooooo... que eu lle darei diñeiro para tres ou catroooooo"

"Mate ao noso Moracooooo... que eu lle darei diñeiro para tres ou catroooooo" -repetía unha e outra vez, Gran de Millo, sen acougo

Tantas veces o dixo, como tantas o escoitou o seu pai, que ao cabo matou ao boi.




Morto o boi, botoulle as tripas fóra e dentro delas estaba, case que sen folgos, Gran de Millo.

Mais non remataron aí as desgraças pois nisto un lobo, como dunha centella se tratara, fíxose coas tripas e mais con Gran de Millo, polo que o desgraciado deste saiu

dun bandullo para acabar noutro!

Logo, cada vez que o lobo se dispoñía a atacar a algún rabaño de ovellas, Gran de Millo berraba que se mataba para deste xeito previr ao pastor e non deixar que o lobo fartase a súa fame.

Así, un día tras doutro e o pobre lobo



sen probar bocado morría de fame!; polo que se viu na obriga de comer pedras e terra, mais tanto se lle revolveron as tripas que acabou devolvendo e consecuentemente botando a Gran de Millo fóra do seu bandullo.

Entón éste, unha vez librado do seu cativeiro pero perdido no monte lembrou unha cova da que moito falaba a xente e andando andando acabou por atopala.

Era coñecida como a Cova dos Mouros. Como a noite se achegaba, decidiu meterse nela para non durmir á intemperie.

Estaba tan canso, despois de bulir e rebulir dentro das tripas do lobo, que non daba acougado nin tampouco pillado o sono; nisto, oíu un ruído e viu que entraba xente, con mala pinta, e máis tarde caeu na conta de que andaban á procura dun tesouro agochado.

Gran de Millo estivo moi atento para escoitar o que lles dicía o xefe da banda:

- Tanto para ti, tanto para min, tanto para Pedro, tanto para Xan.

E a Gran de Millo, sen decatarse do pe-



rigo que lle podía supoñer o delatarse, escapóuselle:

- *Entón, para min nada?*

Os ladróns escoitando aquilo e non vendo a ninguén, colleron tanto medo que fuxiron batendo cos pés no cu! e deixando unha boa parte do tesouro.

Ao día seguinte, ergueuse e marchou para a casa.



Xa na casa, díxolle ao seu pai:

- Pai, arranxe tres mulas e veña comigo!

O pai arranxou as bestas e marcharon ata a cova, onde cargaron centos de reais que deixaran os ladróns.

E unha vez na casa, Gran de Millo fachendoso polo descubrimento, sentenciou con sorna:

- "Non lle dixen meu pai, que matara ao boi Moraco que eu lle compraría tres ou catro?"

Outros títulos editados da Colección:

“A CEGOÑA E A RAPOSA” (2009)

“O CANE E A RAPOSA” (2010)

“O GALO DA DERENA” (2011)

Ao longo dos anos se foron transmitindo estes contos ao tempo que localizando nos lugares onde se contaban e, con pequenas variantes, se atopan espallados por terras galegas e portuguesas.

Estes contos son unha parte da nosa tradición oral, herdanza dos nosos devanceiros, e para que non se perdan, na Asociación Cultural Aira das Mantas, queremos dalos a coñecer aos nosos nenos e nenas para que uns e mais outras, nun futuro, se convertan en transmisores daqueles.

